

“A CALIDADE DO AIRE EN ESPAÑA É BOA”

- Así se pronunciou Rosalía Fernández Patier, do Centro Nacional de Sanidade Ambiental, con motivo da súa participación no Simposio Internacional “Medio ambiente e saúde: novos retos de futuro”, celebrado en Santiago de Compostela os pasados días 28 e 29 de outubro.
- A súa intervención tivo lugar no marco dunha mesa redonda moderada polo presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, e que levou por título “Cidades saudables e sostibles: transporte ecolóxico, aire limpo e loita contra o cambio climático”.
- Fernández aludiu á normativa sobre contaminantes no aire, deténdose, entre outros, no dióxido de azufre, ozono, amoníaco e benceno.
- Apuntou á necesidade de seguir avaliando NO2 e elaborar plans de mellora nas cidades, toda vez que “temos problemas de ozono nos meses de verán”.
- Tamén se referiu á Directiva 2015/1480, pois, aínda que non modifica valores, si actualiza métodos. “Todas as redes de España van ter unha supervisión cada catro anos”.

Cerceda, a 4 de novembro de 2015.- Rosalía Fernández Patier, pertencente ao Centro Nacional de Sanidade Ambiental (Instituto de Saúde Carlos III. Ministerio de Economía y Competitividad), participou no Simposio Internacional “Medio ambiente e saúde: novos retos de futuro”, celebrado en Santiago de Compostela os pasados días 28 e 29 de outubro, e fíxoo no marco dunha mesa redonda que, baixo o título “Cidades saudables e sostibles: transporte ecolóxico, aire limpo e loita contra o cambio climático”, moderou Javier Domínguez Lino, presidente de Sogama.

En relación á normativa vinculada á calidade do aire en España, Fernández apuntou que, se ben existe lexislación na materia desde fai 40 anos, referiuse especificamente ao Real Decreto 102/2011, onde se atopa fusionada toda a lexislación europea e estatal. Neste sentido, explicou que no mesmo establécense os niveis de contaminantes e métodos de análise, indicando onde hai que medir, requisitos que deben cumprir as estacións de medición e concretando o número mínimo de puntos de medición para fontes difusas e fontes puntuais.

PARÁMETROS DE REFERENCIA

Entre outros compostos, referiuse ao dióxido de azufre (SO₂), indicando que hai entre 1.400 e 1.500 estacións de medida no territorio nacional, figurando entre as mesmas, no caso de Galicia, a de Noia e O Saviñao.

Indicou que, en 2008, houbo unha redución do contido de azufre nos combustibles, ao que engadiu que “en ningunha zona de España se superan os límites de SO₂”, e aínda que era un dos problemas no noso país nos anos 70, “agora non o é nin de lonxe”.

En canto ao ozono (NO₂ e O₃), explicou que as concentracións son máis altas no centro de Madrid e vanse suavizando conforme se avanza cara aos municipios da serra, dándose as concentracións máis elevadas no inverno e as máis baixas, no verán.

Precisou que, “cando temos automóbiles e radiación solar, fórmase o ozono, e como a atmosfera é dinámica, e non estática, atoparémolo a certa distancia”. De aí que, no caso da comunidade de Madrid, haxa unha maior concentración na serra que no centro da urbe. Neste caso, subliñou que as concentracións máis altas danse no verán, sendo máis pronunciadas nas zonas rurais que nas urbanas e semiurbanas.

En relación ao amoníaco (NH₃), aclarou que ten unha vida moi curta, polo que non se mide en Europa, sendo os contedores e o alcantarillado unha fonte de emisión no aire.

En canto ao benceno, dixo que son poucas as redes de vixilancia que o miden pola dificultade que entraña.

A representante do Centro Nacional de Sanidade Ambiental, puxo fin á súa intervención apuntando á necesidade de seguir avaliando NO₂ e elaborar plans de mellora nas cidades, toda vez que “temos problemas de ozono nos meses de verán”.

Neste escenario, referiuse á Directiva 2015/1480, pois, aínda que non modifica valores, si actualiza métodos. “Todas as redes de España van ter unha supervisión cada catro anos”, concluíu.

Saúdos, Departamento de Comunicación